



CURSO O CLOWN E A ESENCIA

O CLOWN E A ESENCIA: UN CAMIÑO DE CRECEMENTO PERSOAL

26, 27 e 28 de marzo de 2010

IMPARTIDO POR:

IVÁN PRADO

(OS Sete Magníficos máis Un)

ANTÓN VALÉN



COPERACTIVA CULTURAL - CULTURACTIVA S. C. G.



 www.culturactiva.org
 info@culturactiva.org
 981 582 836

O CURSO



O CLOWN E A ESENCIA, UN CAMIÑO DE CRECEMENTO PERSOAL

Camiñar o neno ou nena interior para poder vivir desde a esencia, traballar o ridículo como material creativo, practicar a estupidez desde a creatividade, e xogar, xogar ata caer rendidos da cadeira de brazos da razón para gozar do pracer da risa activa.

Cofecer o noso clown para vivir desde o corazón....

Se pensabas que os Frigel Rock existían e que Rocco Sifredi era unha marca de roupa italiana; se buscas a túa esencia e esquecer mirar dentro de ti; se cres que coa risa podemos liberarnos das nosas pantasma e os nosos opresores; se queres aprender a gozar de que se rían do teu ridículo, entón, persoa amiga, este é o curso que cambiará a túa vida ... ou non.

O curso estrutúrase en dúas partes: nas dúas primeiras sesións, dinamizadas por Iván Prado, o grupo camiñará na procura da esencia do seu clown, e nas últimas sesións Antón Valén traballará individualmente co alumnado sobre a actuación e as normas teatrales do clown

Búsqueda do Clown que levamos dentro

Todas as persoas somos diferentes e, xa que logo, o noso clown tamén é diferente, persoal. Buscando na nosa natureza atoparemos o noso estilo propio que nos permitirá gozar experimentando o ridículo.

A través dos diferentes xogos de concentración e exercicios de habilidades "estúpidas" de cada persoa (xestos esaxerados, ruídos estraños, movementos especiais, etc.) e sempre buscando o pracer, como os nenos e as nenas cando xogan, iremos descubrindo onde está o noso pracer e o noso clown.

Xogos de complicidade e sensibilidade

A complicidade, cando se traballa en grupo, é fundamental. Aprenderemos a importancia de sentirse parte dun todo en escena sendo conscientes en cada momento de onde está o foco teatral e cando o recolle o noso compañeiro ou a nosa compañeira.

Realizaremos xogos clásicos: o pano, o agocho inglés, as cadeiras musicais, etc, con dificultades engadidas para ir sacando á luz as calidades clown que cada quen ten. Estes xogos tamén se farán en parellas e grupos para espertar a complicidade co resto.

O pracer de ser ridículos/as

Se lle preguntamos a un neno ou nena se sabe falar inglés, cantar ópera, karate, etc seguramente nos contestará que si. O clown oa clown sempre sabe facer de todo, o seu optimismo non ten límites, como lles sucede aos nenos e ás nenas antes de que chegue a vergoña, complexos, etc. cando van chegando á idade adulta.

Xogar a saber o que non sabemos

Nesta fase xogaremos a dar conferencias sobre aeronáutica, constelacións, defensa persoal e un longo etcétera de saberes que calquera clown, obviamente, domina. Pretendemos ser profesionais da política, dos medios de comunicación, grandes persoaxes da ciencia,... e unha vez alcanzado o pracer utilizaremos os ritmos que mellor se adaptan a cada quen para descubrir o noso pallaso ou a nosa pallasa que todo o mundo levamos dentro.

O Teatro coma xogo e espello da vida

A vida é un xogo, unha gran obra de teatro, incrementar a consciencia do noso rol dentro da sociedade mediante o xogo das representacións é un camiño cara ao autoconhecimento.

O xogo teatral serve como dinámica de creación e ao mesmo tempo como vector de desinhibición.

Desde a dinámica da risa e os exercicios clown trabállase a parte lúdica do teatro.

OS FORMADORES: IVÁN PRADO e ANTÓN VALÉN



:: IVÁN PRADO

Iván Prado é porta-voz circunstancial de Pallasxs en Rebeldía, pallaso internacional (pero solo en Chiapas e en Palestina), director dos Festivais Internacionais de clown Festiclown (Galicia), Magiclown (Ibiza), Firaclown (Barcelona), Mundoclown (Galicia) e quepasacontigotioclown. Director artístico (ou algo así) da primeira compañía galega estable de clown, Os 7 magníficos + 1 (o un son eu), chouman e poeta maldito que non pasou de performer inconcluso. Estudiu cos máis grandes mestres do clown e suspendeu todos os exames.

A súa experiencia teatral iníciase como integrante de compañías tetarais en Lugo (Cia Achádego e Cia Argalladas) dende o ano 1995, pasando por outras como La Espada de Madera (Madrid) ou Cómicos de Albacete. No ano 2001 funda a primeira compañía estable de clown galega, Os 7 Magníficos Máis 1, con 10 espectáculos xa ás súas costas.

Mestres internacionais de clown como Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Philippe Gaulier ou Jango Edwards, así como a súa experiencia como monitor de Risoterapia (Formado na escola de Salut Inteligente de Barcelona) permítenlle impartir infinidade de cursos de clown por toda a xeografía española desenvolvendo a súa propia metodoloxía.

Iván Prado é, ademais, un activista en activo promovendo e participando persoalmente, dende o ano 1995, en diversas campañas e caravanas de pallasxs a zonas en conflito dende o colectivo Pallasos en Rebeldía, especialmente aos territorios zapatistas de Chiapas (México) e aos territorios ocupados de Palestina, onde actualmente traballa para a creación dun Festival Internacional de Clown en Cisjordania para este 2010.

:: ANTÓN VALÉN

Especialízase en diferentes facetas teatrais con Jacques Lecoq, Norman Taylor, Antonio Fava, Philippe Gaulier, Pierre Byland, Eric de Bont, Angela de Castro, Colombaioni, Leo Bassi, Michel Dallaire, T. Complicite,...

En 1993 ingresa como profesor na Escola Superior de Arte Dramática de Murcia ata 2002. Foi director do "Curso Internacional do Comediante" durante sete anos. e dirixiu a varias compañías teatrais en Comedia dell'Arte e Clown. En 2002 foi seleccionado por *Slava Polunin* para traballar como clown no espectáculo "Alegría" do Cirque du Soléil onde realiza unha xira mundial ata 2007. Así mesmo crea e dirixe os novos números clownescos de "Alegría". Actualmente traballa na creación dunha escola estable: "Escola do Comediante". Colaborador artístico de "Pupaclown" Pallasos de hospital. Imparte cursos de técnica actoral, clown e bufón en diferentes cidades de España, México, Chile, Portugal e Marrocos.

Explorar a presenza e a sinxeleza do clown, busca a simplicidade mediante o xogo e a guasa, veremos como poden xurdir diferentes estilos clownescos, pero antes, consegue facer rirte de ti mesmo e ser sincero/a co que sentes e o que fas. Cada quen debe descubrir e alimentar a súa propia procura, ese personaxe evolucionará na medida que a persoa atópelle o sentido e achéguese desde si mesma cara ao seu propio clown. O continuo xogo de improvisación desenvolvido a nivel individual e colectivo, serviranos de camiño para espertar a procura e a creatividade, ferramenta indispensable para o xogo do clown.

INFORMACIÓN XERAL



DATAS

26, 27 e 28 de marzo de 2010

HORARIO

venres 26 de marzo, de 16.30 a 21.30h

sábado 27 de marzo, de 10.00 a 14.00h e de 16.30 a 21.30h

domingo 28 de marzo, de 10.00 a 14.00h

DURACIÓN

18 horas

PREZO

90 €

LUGAR

Residencia Universitaria Monte da Condosa (Sala da Columna, Pranta Baixa)
Campus Universitario Sur, s/n. 15782 (Santiago de Compostela)

NÚMERO MÁXIMO DE ALUMNOS/AS

25

PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata o venres 19 de marzo de 2010



INSCRICIÓN

1. Ingresar o importe da cota (90,00 €) no número de conta de Caixanova 2080 0480 13 0040111416 ata o venres 19 de marzo de 2010, indicando o nome e apelidos da persoa interesada en facer o curso. A inscrición realizarase por rigurosa orde de ingreso bancario.
2. Enviar o comprobante do ingreso por fax ao número 981 575 699 ou ben por correo electrónico ao enderezo 7mais1@culturactiva.org, asegurándose de que figura no mesmo o nome e apelidos da persoa interesada en facer o curso.
3. Unha vez realizado o ingreso e enviado o xustificante, poñerse en contacto coa organización do curso, a través do número de teléfono 981 582 836 ou do enderezo electrónico 7mais1@culturactiva.org, para comunicar os datos persoais e de contacto do/a alumno/a e para obter a confirmación da súa inscrición.

OBSERVACIÓN: No caso de que a convocatoria deste curso non acadara o número mínimo de 12 persoas inscritas, a organización veríase na necesidade de suspendelo e poríase en contacto coas persoas que tiveran feito o ingreso para a devolución do importe íntegro. Igualmente, no caso de que se exceda o número máximo de alumnos/as no curso, o alumnado sen praza entrará directamente en lista de espera. Se finalmente non puidese entrar no curso, a organización porase en contacto coa/s persoa/s sen praza para a devolución do importe ingresado.

INFORMACIÓN DE INTERESE

- * Recoméndaselles a todas as persoas participantes neste curso vestir roupa e calzado cómodo.
- * Por respecto ao mestre e ao resto do alumnado, é imprecindible a puntualidade en todas e cada unha das sesións do curso. Neste sentido a organización reserva para si o dereito de non permitir o acceso do alumnado ao curso unha vez iniciado este, sempre e cando así o indique o mestre.
- * Os medios de comunicación poderán ter acceso controlado ao curso.
- * Recoméndaselles aos alumnos e alumnas levar os correspondentes xustificantes de ingreso na primeira sesión de cada curso.

